

Un libro que é signo dos tempos: «Tempos de bebidas isotónicas e fast-food », de Álex Alonso. Anotación en Brétemas

Manuel Bragado, director de Xerais, publicou en Brétemas unha anotación sobre a presentación do libro *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*, de Álex Alonso, XVII Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole.

«Tempos de bebidas isotónicas e fast-food» no Café Badía



Visitamos onte o Café Badía, para min o máis xeitoso dos novos cafés literarios do país, para presentar *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*, o libro de relatos de Álex Alonso, gañador do premio Ánxel Fole 2015. Foi unha gozada acompañar a Álex na conversa que mantivo con Marcos Calveiro, o noso xeneroso anfitrión.

Comezou Marcos lembrando que coñecera o autor cando Álex traballaba de camareiro no Café Dublín de Vigo. Unha experiencia que para Calveiro facilita a capacidade para escoitar, onde quizais estea a razón de que a maioría dos contos do libro estean escritos en primeira persoa, cun rexistro lingüístico diferente e un galego moi vivo. Confesou Álex Alonso que para el « o barman é coma un periscopio, capaz de controlar cousas que as persoas que están doutro lado da barra non son conscientes. O barman identifica a soidade da xente ou recibe confesións que os clientes non farían a ninguén ». « En cada un dos relatos quixen poñerme no lugar do personaxe, do outro. Este é un exercicio moi positivo para todos, que permite comprender a quen é ou pensa diferente ca ti. Se nos puxésemos máis no lugar do outro, a sociedade sería máis tolerante ».

Despois Marcos propuxo unha reflexión sobre o carácter urbano dun libro, que definiu como « político e indignado », onde semella que desapareceu o mundo rural. Álex desvelou que « os relatos están tirados de noticias de xornais que me chamaron a atención, coa intención de expresar a rabia sobre a situación de precariedade que vivimos, dende as preferentes á precariedade laboral, que se dan na cidade ». Marcos

salientou o carácter cinematográfico de moitos dos títulos dos relatos dun « libro no que se alterna o foco entre o humor e unha denuncia moi dura ». Alonso confesou que os títulos lle saían moi rápido, « quizais porque vou sempre ao cinematográfico ». Con respecto á outra cuestión, o autor confesou que o seu primeiro libro, *Xénero imperfecto*, en que abordaba o tema da violencia de xénero, « a algunha xente resultoulle moi duro ». « Neste segundo quixen escribir relatos moi duros, pero tratei de ir compensándoos. No libro aparecen os relatos ordenados tal e como os fun escribindo, mesturando o humor, a parodia e a ironía duns coa dureza doutros.»



Calveiro abordou despois o papel sobranceiro das novas tecnoloxías no libro, onde hai críticas moi duras ás redes sociais. Entre sorrisos, Álex confesou que « hai anos cría que Facebook era algo narcisista, mais agora o utilizo con frecuencia, a pesar de que son consciente de que estamos completamente idiotizados polo uso destas tecnoloxías das que penso que hai que facer un uso máis racional ». Marcos seguiu o fío dese nobelo e reiterou a preocupación de Álex pola diversidade de voces e pola autenticidade do galego, mais tamén « pola preocupación pola perda da linguaxe, pola escritura con xeroglíficos, pola vacuidade de moitas conversas ». Alonso contestou que « hai unha involución no xeito de expresarse, provocada polo uso das linguaxes icónicas ». « Sobre a cuestión do galego pretendín que os personaxes non se afastasen do seu rexistro, sobre todo para que non perdesen autenticidade nin credibilidade ».

Rematou a conversa comentando o uso de palabras clave nalgúns relatos como « chinito », « balón medicinal », « la chica » e « terrorista ». Ao respecto da última, Álex comentou que coñecera, cando traballaba en Lugo, a Antón Santos, a quen dedicou un relato no que « quixen salientar a desproporción coa que se abordan algúns destes casos ». Pechou Marcos Calveiro agradecendo a Álex Alonso « un libro que é signo dos tempos, polo tanto unha homenaxe a Prince. Un libro claramente político ».

Manuel Bragado